



## Constitución dos grupos A e B do ciclo formativo de grao medio de Electromecánica de Vehículos Automóbiles

Para o curso 2023/2024 ofértanse no CIFP Politécnico de Santiago, 44 prazas para o ciclo formativo de grao medio de Electromecánica de Vehículos Automóbiles. Estas prazas organizaranse en dous grupos de vinte e dous alumnos/as cada un.

Unha vez resolto o procedemento de admisión constituiranse dous grupos:

- O grupo A desenvolverá as súas actividades formativas en horario matutino, de 08:30 a 15:00 horas.
- O grupo B desenvolverá as súas actividades formativas en horario vespertino, de 15:00 a 21:30 horas.

### Procedemento de asignación

Para a asignación do alumnado matriculado a cada grupo ordenarase este por orde alfabética, atendendo ao publicado na Resolución do 23 de xaneiro de 2023, da Consellería de Facenda e Administración Pública, pola que se fai público o resultado do sorteo a que se refire o Regulamento de selección de persoal da Administración da Comunidade Autónoma de Galicia.

Consonte ao resultado do sorteo, a orde de prelación comezará polo/a alumno/a cuxo primeiro apelido comece pola letra V e, se non houber ningún, continuarase polo/a seguinte alumno/a por orde alfabética.

O alumnado que repita o primeiro curso, con praza garantizada no centro, poderá elixir non acollerse a este proceso de asignación e repetir na mesma quenda na que estivese matriculado o curso pasado.

Unha vez resolta a asignación do alumnado repetidor, asignaranse primeiramente as prazas do grupo A ás primeiras persoas da listaxe e as seguintes ao grupo B.

Realizarase unha única asignación unha vez cubertas as totalidade das prazas dispoñibles ou unha vez rematado o prazo de matriculación da 3ª adxudicación, o que antes ocorra. No caso de se produciren baixas logo de realizada a asignación, estas se cubrirán na quenda na que se teñan producidas, independentemente das letras dos apelidos da persoa adxudicada para cubrir a vacante.

A asignación de prazas publicarase no taboleiro de anuncios do centro.

A formalización da matrícula no ciclo formativo leva implícita a aceptación destas condicións de asignación de prazas.

A Dirección